

CRITERIOS DE CORRECCIÓN E CUALIFICACIÓN

PREGUNTAS		CRITERIOS DE CORRECCIÓN	CUALIFICACIÓN MÁXIMA
PREGUNTA 1 (2,5 puntos)	1.1 (1 punto)	Seleccionar as ideas principais.	0,5
		Elaborar un novo texto sen comentar, nin interpretar, nin parafrasear o texto dado.	0,5
	1.2 (1 punto)	Identificar o tipo de texto e os trazos do texto argumentativo: argumentación, uso da primeira persoa, léxico valorativo.	0,5
		Identificar o xénero discursivo: texto xornalístico, artigo de opinión (autoría, persoa destinataria, nivel, rexistro).	0,5
	(0,5 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico rico e preciso.	0,5
PREGUNTA 2 (2,5 puntos)	2.1 (1 punto)	Identificar os termos que compoñen un campo semántico representativo, a partir do seu coñecemento das relacións semánticas (hiperonimia, sinonimia...) e identificar a palabra clave deste campo.	0,5
		Elaborar a definición utilizando palabras propias, evitando dar exemplos, fuxindo da enumeración de sinónimos, evitando incluír o termo a definir ou outro da súa familia léxica e iniciándoa cun termo semellante, respectando a categoría gramatical e a flexión da palabra da que se solicita a definición.	0,5
	2.2 (1 punto)	Segmentar en morfemas.	0,5
		Identificar a función e o valor de cada un deles.	0,5
	(0,5 puntos)	Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adequación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico rico e preciso.	0,5

PREGUNTA 3 (2,5 puntos)	(2 puntos)	3	Responder ao solicitado a través da organización do texto creado respectando a estrutura e a intención do xénero discursivo (do tipo de texto) requirido. Presentalo cunha boa distribución en parágrafos, marxes, horizontalidade, limpeza, lexibilidade e coa extensión solicitada. (Propósito comunicativo).	0,5
			Utilizar (sen paráfrase) elementos (aspectos) contidos na propia proba e achegar toda a información necesaria.	0,5
			Achegar ideas que non estean presente no texto pero que son pertinentes, coa que se completa e mellora a produción textual.	0,5
			Achegar ideas novas que evidencien orixinalidade e un estilo propio.	0,5
	(0,5 puntos)		Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico rico e preciso.	0,5
PREGUNTA 4 (2,5 puntos)	(2 puntos)	4	Responder o solicitado a través da organización do texto creado respectando a estrutura e a intención do xénero discursivo (do tipo de texto) requirido. Presentalo cunha boa distribución en parágrafos, marxes, limpeza, lexibilidade e coa extensión solicitada.	0,5
			Achegar toda a información necesaria arredor do contexto, o contido e a forma, apoiándoos en citas do texto. Non se pretende que o alumno ofrezca unha información descontextualizada sobre o contexto sociohistórico, senón que o vincule co texto a través de citas que sosteñan a súa reflexión. (Capacidade de dedución)	0,5
			Achegar información pertinente que non se atopa ao alcance, coa que se completa e mellora a produción textual. (Capacidade de relación)	0,5
			Achegar información orixinal a través de ideas novas (relación con outras manifestacións artísticas, coa época ou realidade actual...) e dun estilo propio. (Capacidade de interpretación)	0,5
	(0,5 puntos)		Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico rico e preciso.	0,5

Consonte o disposto no apartado décimo do artigo 13 sobre cualificación da proba de acceso do citado Real Decreto 534/2024, no que se refire á corrección relativa á coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados, así como segundo a súa presentación, a puntuación que se outorgará para estes efectos nas materias de linguas cooficiais (Lingua Galega e Literatura II, Lengua Castellana y Literatura II, Llengua Catalana i Literatura II, Euskal Hizkuntza eta Literatura II, Euskara eta Literatura II, Valencià: Llengua i Literatura II) será do 20% do total do exame, segundo o acordo adoptado recentemente a nivel de CRUE.

No Decreto 157/2022 aparece como obxectivo 5 para a materia de “Lingua Galega e Literatura II” o seguinte “Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e responder adecuadamente. informado, eficaz e creativo ante demandas comunicativas concretas”, polo que en cada pregunta este obxectivo terá unha cualificación que represente o 20% do valor total da pregunta.

Máis aínda, no acordo de CRUE antes mencionado tamén aparece a seguinte anotación: Naqueles territorios con linguas cooficiais, recoméndase ter en conta esta realidade á hora de definir os criterios específicos de corrección. Deste xeito, o seguinte cadro detalla unha posíbel valoración do citado 20%, no caso dunha pregunta de 2,5 puntos dos cales 0,5 son para esta parte, no que temos en conta a anotación:

Artigo 13.10 do Real Decreto 534/2024	Puntos
Rango de erros na coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica e presentación	outorgados 20%
0 erros	0,5
1-2 erros non repetidos	0,4
3-4 erros non repetidos	0,3
5-6 erros non repetidos	0,2
7-8 erros non repetidos	0,1
9 erros ou máis non repetidos	0

Para facilitar unha sistematización dos erros, manteranse os criterios de corrección da materia de Lingua Galega e Literatura II de convocatorias anteriores, lembrando que non se terá en conta o primeiro erro.

- **Erros moi graves:** computan como 2 erros.

Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos pronomes. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.

- **Erros graves:** computan como 1 erro.

Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como **silla*, **hasta*, **random*, etc. Tamén se considerará erro grave a incorrecta acentuación diacrítica.

- **Erros leves:** computan como 0,5 erros (cada dous erros leves considéranse como 1 erro).

Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (*b/v*, *h*, etc.), o emprego de maiúsculas (**ourense*), a acentuación non diacrítica, as contraccións, etc.

- **Erros repetidos:** unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada en toda a proba só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicábel á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

Esta valoración só será de aplicación no caso de que a alumna/o teña un mínimo de resposta correcta nas outras partes da rúbrica da pregunta que se estea a valorar. Fíxase ese mínimo nun 20% da cualificación, polo que se a alumna/o non chega a 0,4 puntos de valoración dos dous puntos dunha pregunta non se valorará esta parte da rúbrica, outorgando un valor de 0 puntos por este apartado.